

**ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA**  
**CELEBRADA O DÍA 01/02/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)**

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Lista de non asistentes:

D. DIEGO GARCÍA SANTIAGO

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 01/02/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores de datas 16 e 22 de xaneiro de 2024.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2023.

3. Aprobación definitiva, se procede, da Conta Xeral do Concello e da FPSDM correspondente ao exercicio de 2022. Ditaminada na Comisión Informativa de 26 de decembro de 2023

4. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

5. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre horarios extraordinarios de apertura da nova biblioteca municipal.

6. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre a execución dos acordos plenarios

7. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e persoas con discapacidade visual.

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central e a RENFE a aumentar as frecuencias directas de tren entre Vilagarcía e Madrid

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia para que dote dunha ambulancia medicalizada de xeito estable durante todo o ano no Hospital do Salnés.

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia para que mellore as frecuencias de transporte comarcal e inicie a construción da estación intermodal.

11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Juan Luis Núñez Tourís e Dona Elsa Pérez Fernández utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES DE DATAS 16 E 22 DE XANEIRO DE 2024.**

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación das actas.

Non habendo ningunha proposta de rectificación quedan aprobadas por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21), as actas das sesións anteriores, ordinaria de 16 de xaneiro e extraordinaria de 22 de xaneiro de 2024.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE DECEMBRO DE 2023:** Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Adscrición condutor asalariado licenza taxi
- 2 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde Obras
- 1 Aprobación expediente e prego de cláusulas administrativas particulares contrato de obras
- 1 Designación letrados contencioso
- 1 Solicitud ditame Consello Consultivo de Galicia Parking Xoan XXIII
- 1 Expte. De Modificación de crédito
- 1 Expte. De Xeración de crédito
- 3 Expte. De transferencia de crédito
- 1 Recoñecemento de obriga Certificación de Obra
- 2 Recoñecemento de obriga relación de facturas
- 1 Recoñecemento de obriga servizos extraordinarios
- 1 Alta inscrición rexistro animais potencialmente perigosos
- 7 Recurso de reposición expte. Sancionador de tráfico
- 2 Resolución primeiras alegacións expte. Sancionador de tráfico
- 2 Envío vehículos abandonados a centro autorizado
- 1 Revisión etilómetro Policía Local
- 1 Aboamento servizos prestados en xornada nocturna
- 1 Lista provisional admitidos e excluídos técnico medio normalización lingüística
- 1 Nomeamento comisión de servizos Policía Local
- 2 Pagamento Plan de Pensións
- 9 Substitución posto de categoría superior
- 1 Pago días pendentes a Cabo Policía Local
- 2 Recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 2 Aprobación pregos subministro
- 5 Estimatoria/Desestimatoria ICIO
- 1 Estimatoria derivación subsidiaria
- 1 Estimatoria IVTM
- 2 Estimatoria Recibos
- 1 Estimatoria Beneficios fiscais IIVTNU
- 1 Estimatoria beneficios fiscaes IAE
- 1 Desestimatoria IVTM
- 1 Estimatoria providencia de prema
- 10 Estimatoria liquidacións e baixas
- 13 Estimatoria compensación de débedas
- 3 Estimatoria bonificación IBI
- 6 Estimatoria IBI
- 3 Estimatoria rateo IVTM
- 38 Estimatoria/desestimatoria beneficios fiscais IVTM
- 41 Estimatoria taxas e prezos públicos
- 9 Estimatoria pagos duplicados
- 6 Pago expediente Intervención
- 8 Ordes de pago diversos

3 Pago expediente Tesourería  
1 Préstamo bancario  
1 Gastos contas bancarias  
1 Aprobación Plan inspección 2024  
4 Comisi3ns bancarias  
1 Ampliación horario establecemento hostalería  
17 Deber de conservaci3n  
3 Execuci3n do planeamento  
5 Reposici3n da legalidade urbanística  
5 Sancionador rúidos  
1 Licenza de primeira ocupaci3n edificaci3n  
2 Ineficacia comunicaci3n previa obrs  
6 Comunicaci3n previa obras  
9 Licenza de obra menor  
1 Conformidade proxecto de execuci3n  
6 Licenza de obra maior  
6 Comunicaci3n apertura de establecementos  
1 Licenza instalaci3n terraza establecemento hostalería  
1 Orde execuci3n malezas  
1 Prórroga terrazas establecementos hostalería  
5 Cambio de titularidade de establecementos  
1 Ampliaci3n consignaci3n orzamentaria bases convocatoria axudas educaci3n infantil con motivo do reparo suspensivo do Interventor Municipal.

TOTAL : 278

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravaci3n íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**3.- APROBACI3N DEFINITIVA, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DO 2022, REFERIDA AO CONCELLO E Á FPSDM.** Dáse conta do ditame emitido pola Comisi3n Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas do día 26 de decembro de 2023, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor literal seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACI3N DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2022.

A conta xeral do exercicio 2022, formada pola Intervenci3n, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instruci3n do Modelo Normal de Contabilidade Local, en adiante ICAL. Regras 44 a 51.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 44 a 51 da ICAL, que íntegra o expediente, constará das seguintes partes:

A) CONCELLO

- O BALANCE:

| • TOTAL ACTIVO      | Exercicio 2022 | Exercicio 2021 |
|---------------------|----------------|----------------|
| Activo non corrente | 115.426.364,59 | 110.974.477,80 |
| Activo corrente     | 22.146.773,88  | 17.365.301,46  |

| PATRIMONIO NETO E PASIVO | Exercicio 2022 | Exercicio 2021 |
|--------------------------|----------------|----------------|
| Patrimonio Neto          | 118.402.928,84 | 112.865.771,81 |
| Pasivo non corrente      | 7.015.496,23   | 6.358.713,58   |
| Pasivo corrente          | 12.154.713,40  | 9.115.293,87   |

- CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL:

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de 3.993.180,74 €.

- O ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

O patrimonio neto do Concello experimentou un incremento por patrimonio xerado por importe de 5.537.157,03€, co seguinte detalle:

|   | I. Patrimonio | II. Patrimonio Xerado | III. Axustes por cambios de valor | IV. Subvencións recibidas | Total          |
|---|---------------|-----------------------|-----------------------------------|---------------------------|----------------|
| A) Patrimonio neto ao final do exercicio 2021                       | 42.601.500,82 | 69.186.799,12         | 0,00                              | 1.077.471,87              | 112.865.771,81 |
| B) Axustes por cambios de criterios contables e corrección de erros | 0,00          | 0,00                  | 0,00                              | 0,00                      | 0,00           |
| C) Patrimonio neto inicial axustado do exercicio 2021 (A+B)         | 42.601.500,82 | 69.186.799,12         | 0,00                              | 1.077.471,87              | 112.865.771,81 |
| D) Variacións do patrimonio neto 2022                               | 0,00          | 3.462.461,66          | 0,00                              | 1.077.471,87              | 112.865.771,81 |
| 1. Ingresos e gastos recoñecidos no exercicio                       | 0,00          | 3.583.081,71          | 0,00                              | 2.074.695,37              | 5.537.157,03   |
| 2. Operacións patrimoniais coa entidade ou entidades propietarias   | 0,00          | 0,00                  | 0,00                              | 0,00                      | 0,00           |
| 3. Outras variacións do Patrimonio Neto                             | 0,00          | -120.620,05           | 0,00                              | 0,00                      | -120.620,05    |
| E) Patrimonio Neto ao Final do Exercicio (C+D)                      | 42.601.500,82 | 72.649.260,78         | 0,00                              | 3.152.167,24              | 118.402.928,84 |

- O ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivose unha variación positiva dos efectivos en 4.194.584,08€ co seguinte detalle:

| Fluxos   | Exercicio 2022 |
|--|----------------|
| Fluxos netos (+/-) por actividades de xestión      | 6.425.952,43   |
| Fluxos netos (+/-) por actividades de inversión    | -4.601.197,14  |
| Fluxos netos (+/-) por actividades de financiación | 2.868,16       |
| Fluxos netos (+/-) pendentes de clasificación      | 2.366.960,63   |
| Efecto das variacións dos tipos de cambio          | 0,00           |
| Disminución/Aumento neta do efectivo               | 4.194.584,08   |
| Efectivo o inicio do exercicio                     | 9.060.175,95   |
| Efectivo o final do exercicio                      | 13.254.760,03  |

- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

Que a súa vez componse dos seguintes documentos:

- RESULTADO ORZAMENTARIO:

O resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2022 é POSITIVO con un importe de 4.537.397,40€ co seguinte desglose:

|   |               |
|---|---------------|
| RESULTADO ORZAMENTARIO 2022   |               |
| DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS  |               |
| a. Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras                          | 35.480.891,61 |
| a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)           | 33.411.675,10 |
| a.2. Dereitos recoñecidos netos por demais operacións de capital(Cap. VI e VII) | 2.069.216,51  |
| b. Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros                           | 93.312,84     |
| c. Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros                           | 850.000       |
| Total dereitos recoñecidos  | 36.424.204,45 |
| OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS   |               |
| a. Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras                           | 32.939.713,10 |
| a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)           | 28.384.940,33 |
| a.2. Obrigas recoñecidas netas por demais operacións de capital (Cap. VI e VII) | 4.554.772,77  |
| b. Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros                            | 88.706,00     |
| c. Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros                            | 847.131,84    |
| Total obrigas recoñecidas   | 33.875.550,94 |
| RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES   | 2.548.653,51  |
| AXUSTES   |               |
| (+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais                    | 2.743.843,00  |
| (+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio                         | 3.975.848,77  |
| (-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio                         | 4.730.947,88  |
| RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO   | 4.537.397,40  |

- REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2022 ascendeu a 2.835.866,94€ e desagregase do seguinte xeito:

|  |               |   |               |
|--|---------------|---|---------------|
| 1. Fondos líquidos                                       | 13.254.495,33 | 2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d) | 12.470.090,01 |
| 2.a. Do orzamento corrente                               | 5.133.256,24  |   |               |
| 2.b De orzamentos pechado                                | 12.883.294,86 |   |               |
| 2.c De operacións non orzamentarias                      | 22.496,86     |   |               |
| 2.d Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 5.568.957,95  |   |               |
| 3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)        | 4.686.689,08  |   |               |
| 3.a. Do orzamento corrente                               | 3.227.211,48  |   |               |
| 3.b. De orzamentos pechados                              | 82.542,67     |   |               |
| 3.c. De operacións non orzamentarias                     | 1.418.430,61  |   |               |
| 3.d. Pagos pendentes de aplicación definitiva            | 41.495,68     |   |               |
| I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL                         | 21.037.896,26 |   |               |
| II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO                             | 9.307.447,47  |   |               |
| III. REMANENTE DE TESOURERÍA                             | 8.894.581,85  |   |               |

|  |              |  |
|--|--------------|--|
| AFECTADO                                       |              |  |
| IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS | 2.835.866,94 |  |

## B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademais de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a Conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2022, presentando o seguinte detalle:

### I. - BALANCE.

| TOTAL ACTIVO        | Exercicio 2022 | Exercicio 2021 |
|---------------------|----------------|----------------|
| Activo non corrente | 1.037.400,83   | 1.024.746,86   |
| Activo corrente     | 364.019,74     | 406.973,53     |

| PATRIMONIO NETO E PASIVO | Exercicio 2022 | Exercicio 2021 |
|--------------------------|----------------|----------------|
| Patrimonio Neto          | 1.306.380,76   | 1.270.983,82   |
| Pasivo non corrente      | 0              | 0              |
| Pasivo corrente          | 95.039,81      | 160.736,57     |

### II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un superávit por importe de 35.678,03 €.

### III.- ESTADO DE CAMBIOS DO PATRIMONIO NETO:

- Cambios do patrimonio neto por importe de 35.396,94 €.
- Estado de Ingresos e Gastos recoñecidos cunha variación por importe de 35.396,94 €
- Operacións patrimoniais coa entidade propietaria por importe de 1.153.706,86 €.

### IV.- ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO:

Obtivoose unha diminución do efectivo por importe de 193.216,49€, sendo o efectivo ao final do exercicio de 56.934,96 €.

### V.- LQUIDACIÓN ORZAMENTO.

- Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 23.356,06 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado orzamentario axustado de 23.356,06 €.
- Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 291.177,19 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 269.432,93 €, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 21.744,26€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.

En consecuencia, vistos os Informes da Intervención municipal á Conta Xeral 2022 obrantes no expediente electrónico, así como o informe do Interventor delegado da Fundación de Deportes.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Esta Alcaldía propón á Comisión Informativa Especial de Contas:

1. A aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2022.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se

manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu organismo autónomo, correspondente ó exercicio 2022 e a súa exposición ao público durante o prazo de quince días, para que, durante dito prazo e oito días máis, os interesados poidan presentar por escrito todas as reclamacións, reparos ou observacións que consideren oportunas. No caso de que se formulen, a Comisión Especial as examinará e emitirá novo informe.

Dáse conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N°249, de 29 de decembro de 2023, sen que se presentasen alegacións, tal e como consta no certificado da Secretaría Xeral.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con oito votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ó grupo político municipal do PSG-PSOE (8) e once abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes aos grupos políticos municipais do PP (8), BNG (2) e EU (1).

**ACÓRDASE** Por maioría aprobar definitivamente a Conta Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e do seu Organismo Autónomo -FPSDM, correspondente ao exercicio de 2022.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **4.-TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:**

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Non figura presentada ningunha solicitude de participación cidadá.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE HORARIOS EXTRAORDINARIOS DE APERTURA DA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de Esquerda Unida coa data de 17 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Juan M. Fajardo Recouso, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN sobre horarios extraordinarios de apertura da nova biblioteca municipal en base a seguinte consideración de motivos:

Vilagarcía poderá utilizar en algún momento, a nova biblioteca creada na rúa Castela nos locais que anteriormente ocupaba o Liceo Casino, tendo en conta que esta nova infraestrutura está pensada tamén como sala de estudio é o momento de analizar como maximizar o seu uso e utilidade.

O obxectivo deste proposta pasa or dotar ao colectivo estudiantil dunha oferta, por agora inexistente, de salas de estudio pensada de forma específica para as épocas de exámes. Esta proposta pretende incrementar os días de uso das novas salas de estudio pero tamén os horarios de apertura das mesmas, de forma que poidan ser de, cando menos, 12 horas conuadas sen interrupción.

A iniciava contribuiría tamén, a facilitar a conciliación das persoas que preparan oposición e utilizan estas salas de estudo de forma habitual, xa que incrementando os horarios e os días de uso, poderían mellorar a súa capacidade de organización persoal para compatibilizar as tarefas persoais e familiares coas horas de estudio. Durante estes horarios extraordinarios unicamente estarían dispoñibles as salas de estudio, sen que o concello teña obriga de ter en funcionamento o resto de servizos da biblioteca.

Por todos estes motivos, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos.

Primeiro.- Establecer horarios extraordinarios na nova biblioteca, de tal forma que esta poida permanecer aberta os sete días de semana, nos períodos lectivos que coincidan coa celebración de exámes.

Segundo.- Establecer un horario continuado de 12 h durante ás xornadas que permanezan abertas a salas de estudio.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre horarios extraordinarios de apertura da nova Biblioteca Municipal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

Primeiro.- Establecer horarios extraordinarios na nova biblioteca, de tal forma que esta poida permanecer aberta os sete días da semana, nos períodos lectivos que coincidan coa celebración de exámes.

Segundo.- Establecer un horario continuado de 12 h durante ás xornadas que permanezan abertas a salas de estudio.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE A EXECUCIÓN DOS ACORDOS PLENARIOS.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 22 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Juan M. Fajardo Recouso, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN sobre a execución dos acordos plenarios en base a seguinte consideración de motivos:

En maio do 2012 Vilagarcía dotouse dun regulamento orgánico de funcionamento do pleno da corporación, onde literalmente se expresa que, o pleno é o órgano de máxima representación política da cidadanía, polo tanto as decisións que este órgano adopta, son en realidade decisións da cidadanía mediante delegación.

Nomeadamente neste mandato, son máis os cidadáns representados polos grupos que non conforman o goberno que os representados polo goberno, nunha clara decisión popular de obrigarnos ao conxunto de grupos a dialogar, negociar e pactar.

Nesta situación resulta incomprensible que o goberno local incumpra acordos plenarios adoptados por maioría no pleno da corporación, pero resulta máis incomprensible que literalmente o alcalde, que é o alcalde do conxunto da cidadanía, exprese e verbalice que non vai a cumprir acordos plenarios.

Por todos estes motivos, propoñemos ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos.

O pleno da corporación insta ao goberno local a:

Primeiro.- Respetar e facer cumprir os acordos plenarios adoptados por esta corporación.

Segundo.- Executar o acordo plenario adoptado no mes de xaneiro do 2024 que pedía a realización dunha auditoría da calidade lumínica de Vilagarcía.

Terceiro.- Executar o acordo plenario, aprobado durante o pasado mandato, mediante o cal se comprometía a poñer en funcionamento unha APP que permitise a reserva e aluguer dos espazos deportivos de carácter municipal

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

A persoa representante do grupo político municipal de EU informa favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre a execución dos acordos plenarios.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde, sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

**ACÓRDASE** Aprobado a moción presentada polo grupo político municipal de EU e:

Primeiro.- Respetar e facer cumprir os acordos plenarios adoptados por esta corporación.

Segundo.- Executar o acordo plenario adoptado no mes de xaneiro do 2024 que pedía a realización dunha auditoría da calidade lumínica de Vilagarcía.

Terceiro.- Executar o acordo plenario, aprobado durante o pasado mandato, mediante o cal se comprometía a poñer en funcionamento unha APP que permitise a reserva e aluguer dos espazos deportivos de carácter municipal.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:  
<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=6>  
Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS E IMPLANTACIÓN DE MELLORAS URBANÍSTICAS E DE ACCESIBILIDADE PARA O COLECTIVO DE INVIDENTES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP, coa data de 23 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 1 de febreiro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

Eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e de persoas con discapacidade visual.

**EXPOÑEN**

O pasado 21 de decembro, uns veciños con discapacidade visual da nosa cidade entregaron no concello máis de 1.200 sinaturas para esixir melloras substanciais en materia de accesibilidade.

A loita contra as barreiras arquitectónicas na cidade é un tema recorrente polos continuos incumprimentos do goberno local, que segue sen ter unha aposta clara e decidida por eliminalas. De feito, no ano 2020, xa trouxemos unha moción similar que foi aprobada polo pleno sen que o equipo de goberno tomase ningunha medida.

Nas súas reivindicacións, as persoas afectadas sinalan que Vilagarcía carece dunha rede de semáforos accesibles con son e que, en moitos casos, esta tecnoloxía so está dispoñible a un lado da calzada, co que, cando hai ruído na rúa non se escoita o semáforo dende o lado o posto. Outra queixa dos pasos de peóns, veñen polo seu pavimento que non está adaptalo para orientalos.

Ademais tamén sinalan que moitas rúas teñen numerosas trampas arquitectónicas para eles. Así, atopamos zonas con pasarelas sen valados ou pasamáns, con desniveis, con cantos vivos de formigón a diferentes alturas ou con parterres pegados ás fachadas dos edificios (a única guía real para os invidentes á hora de transitar pola rúa). E isto ocorre en zonas principais e modernas de Vilagarcía como a Plaza de Galicia ou Arzobispo Lago. Algo que debería de facer reflexionar ós responsables do modelo de humanización que é evidente que non é para todos os vilagarcíans.

As persoas afectadas tamén sinalan que hai mobiliario urbano mal situado, tanto nas zonas peonís como no resto da cidade (no centro e nas parroquias) e piden que se regule dun xeito claro o tránsito de vehículos eléctricos e bicicletas polas rúas peonís, que se incorpore a lingua Braille na carteleira municipal e nas zonas públicas e a perspectiva de inclusión nos vindeiros proxectos urbanísticos que se vaian a levar a cabo en Vilagarcía durante os próximos anos.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía SOLICITA:

1. Que o goberno municipal de Vilagarcía de Arousa confeccione un plan plurianual de eliminación de barreiras arquitectónicas na cidade e saldar así unha conta pendente coa accesibilidade e a inclusión.
2. Eliminar os puntos de maior perigosidade e revisar os proxectos urbanísticos incorporando a perspectiva de inclusión para invidentes.
3. Incorporar os sinais acústicos ou os novos sistemas, como a activación por mando, a todos os semáforos de Vilagarcía.
4. Revisar todos os pasos de peóns para que teñan nas súas inmediacións baldosas con botóns (eliminando aquelas baldosas con botóns que xa non teñen pasos de peóns)
5. Incorporar a lingua Braille na cartelería e nos espazos municipais.
6. Que o concello tome medidas para que as fachadas estean libres de obstáculos, evitando que

se instalen plantas, vallas publicitarias ou outros materiais que sexan unha barreira para as persoas con discapacidade visual.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre eliminación de barreiras arquitectónicas e implantación de melloras urbanísticas e de accesibilidade para o colectivo de invidentes e persoas con discapacidade visual.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

1. Que se onfeccione un plan plurianual de eliminación de barreiras arquitectónicas na cidade e saldar así unha conta pendente coa accesibilidade e a inclusión.
2. Eliminar os puntos de maior perigosidade e revisar os proxectos urbanísticos incorporando a perspectiva de inclusión para invidentes.
3. Incorporar os sinais acústicos ou os novos sistemas, como a activación por mando, a todos os semáforos de Vilagarcía.
4. Revisar todos os pasos de peóns para que teñan nas súas inmediacións baldosas con botóns (eliminando aquelas baldosas con botóns que xa non teñen pasos de peóns)
5. Incorporar a lingua Braille na cartelería e nos espazos municipais.
6. Que se tomen medidas para que as fachadas estean libres de obstáculos, evitando que se instalen plantas, vallas publicitarias ou outros materiais que sexan unha barreira para as persoas con discapacidade visual.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

## **8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL E A RENFE A AUMENTAR AS FRECUENCIAS DIRECTAS DE TREN ENTRE VILAGARCÍA E MADRID.-**

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 23 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 1 de febreiro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

Instar ao Goberno Central e a Renfe a aumentar as frecuencias directas de tren entre Vilagarcía e Madrid

EXPOÑEN

Na actualidade, a estación de tren de Vilagarcía de Arousa conta con dúas frecuencias directas a Madrid. Unha que parte ás 9:53 da mañá, chegando á capital ás 13:42 e outra que sae ás 17:42 e chega 21:52. En canto aos traxectos á inversa, o primeiro tren directo de Madrid parte ás 11:20,

chegando a Vilagarcía ás 15:02 e o segundo, parte ás 19:15 e chega ás 23:12.

Estes horarios dificultan que unha persoa poda partir de Vilagarcía e pasar un día na capital. Xa que o máximo que podería estar nun viaxe de ida e volta serían 4 horas. Chegando o primeiro tren ás 13:42, iso tamén impide que calquera veciño de Vilagarcía ou da súa contorna poida realizar calquera trámite pola mañá na capital.

Esta situación dáse dende que Vilagarcía perdeu a frecuencia que parte ás 5:53 de Vigo e que facía escala na nosa cidade. Un liña que, na actualidade, aínda que non para en Vilagarcía, si que circula pola nosa estación.

En vista á chegada dos trens Avril á Galicia e do incremento de frecuencias, é vital para Vilagarcía que aumenten ás súas frecuencias e, sobre todo, que se recupere a liña de primeira hora da mañá.

Estes novos ferrocarrís, ademais de reducir a distancia con Madrid en algo máis de media hora, tamén permitirán aumentar a capacidade de pasaxeiros por cada tren. Se na actualidade son arredor de 360 prazas as de cada liña, cos trens Avril, a capacidade aumentaría ata as 580. Se a iso lle sumamos outra frecuencia, estaríamos falando dun incremento de pasaxeiros por día de arredor de 700 a algo máis de 1700.

Vilagarcía non pode perder unha oportunidade como esta para aumentar as súas frecuencias directas con Madrid, e para recuperar a primeira liña da mañá. O goberno local debe instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Renfe, para que ambas cuestións sexan unha realidade.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

1- Que o goberno local inste ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Renfe, para que a primeira liña que parte de Vigo con destino directo a Madrid pare en Vilagarcía. Sen que iso supoña a perda dalgunha das outras frecuencias.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

**VOTACIÓN:**

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Central e a RENFE a aumentar as frecuencias directas de tren entre Vilagarcía e Madrid.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (19 de 21)

**ACÓRDASE** Aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e instar ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Renfe, para que a primeira liña que parte de Vigo con destino directo a Madrid pare en Vilagarcía. Sen que iso supoña a perda dalgunha das outras frecuencias.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE DOTE DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA DE XEITO ESTABLE DURANTE TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS.-** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 24 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

**MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE DOTE DUNHA AMBULANCIA MEDICALIZADA DE XEITO ESTABLE DURANTE TODO O ANO NO HOSPITAL DO SALNÉS**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca do Salnés ten unha poboación estable de 160.000 habitantes que, nos meses de verán, se multiplican por dous ou por tres nalgunhas das datas festivas. Ademais dunha extensión de 275 quilómetros cadrados.

Esta poboación é atendida no caso de necesitar ingreso hospitalario en tres ou catro hospitais públicos no Salnés, en Pontevedra, en Vigo ou en Santiago dependendo da patoloxía a tratar.

O Hospital Comarcal do Salnés se carece de Unidade de Coidados Intensivos.

Ademais non só estamos a falar dunha zona moi poboada, senón tamén dunha zoa moi viva con ampla actividade industrial e económica e con abondoso e continuo movemento, tanto de persoas como de mercancías, polo que potencialmente poden producirse graves accidentes en calquera momento.

Pois ben, no Salnés, se carece tamén dunha ambulancia medicalizada con sede estable durante todo o ano no Hospital do Salnés que permita atender esas potenciais urxencias vitais con garantías ao estar dotada do persoal e dos medios materiais adecuados, para elo a pesar de que o recomendable é unha cada 80.000 habitantes, sen opoñernos a que a Xunta reforce cunha ambulancia medicalizada máis nas zonas que incrementen de xeito importante a súa poboación nas épocas estivais.

Lamentablemente xa se ten presentado e ata denunciado, publicamente, máis dunha situación urxente que por carecer destes recursos non foi atendida coas garantías que a gravidade esixía con consecuencias moi tristes que non deben repetirse.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdeG-PSOE presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno:

-Instar á Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, dote á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada estable durante todo ano no Hospital do Salnés ao longo de todo o ano equipada do persoal e dos recursos materiais necesarios.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

#### VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE e EU informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP e BNG din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia para que dote dunha ambulancia medicalizada de xeito estable durante todo o ano no Hospital do Salnés.

- Sendo as 19:35 horas, auséntase da sesión plenaria o Sr. Mouriño Santiago.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

**VOTACIÓN.-** Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos

municipais do PSG-PSOE (7), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e instar á Xunta de Galicia a que, de forma inmediata, dote á comarca do Salnés dunha ambulancia medicalizada estable durante todo ano no Hospital do Salnés ao longo de todo o ano equipada do persoal e dos recursos materias necesarios.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PSG-PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE MELLORE AS FRECUENCIAS DE TRANSPORTE COMARCAL E INICIE A CONSTRUCCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL:** Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade de data 29 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE coa data de 24 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

**MOCIÓN INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA PARA QUE MELLORE AS FRECUENCIAS DE TRANSPORTE COMARCAL E INICIE A CONTRUCCIÓ DA ESTACIÓN INTERMODAL**

Tania García Sanmartín, na súa condición de voceira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Vilagarcía de Arousa comparece e como mellor en dereito proceda DI:

Ao abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte moción:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Vilagarcía de Arousa, como capital da comarca do Salnés, acolle servizos públicos de referencia para unha poboación que supera os 100.000 habitantes e que utilizan de xeito recorrente, como os sanitarios, administrativos, e de comunicación, xa que conta coa estación de tren. Ademais da poboación flotante das zonas de influencia que, sen formar parte da nosa comarca, están no noso entorno inmediato.

Esa atracción xenera un desprazamento de persoas polo conxunto do territorio que as administracións debemos de traballar para fomentar que sexan máis eficientes e sostibles medioambientalmente e tendo en conta os criterios da Axenda 2030.

Neste sentido, as frecuencias de transporte comarcial por carretera dista moito de ser as adecuadas e propicias para fomentar este tipo de transporte entre a poboación do Salnés. Sería oportuno que a Xunta de Galicia se decida a asumir as súas competencias e ofrecer un mellor servizo para a cidadanía de Vilagarcía e da comarca, en lugar de de promover medidas pioneiras que consisten en poñer autobuses para o día 18-F.

Puntos neuráxicos como o Hospital do Salnés deberían contar con máis frecuencias, incluso en horario de tarde para dar servizo a usuarios e usuarias, así como o persoal sanitario; ou mesmo a estación de tren. Neste sentido, é importante que a Xunta de Galicia saque dun caixón o proxecto da Estación Intermodal para promover a intermodalidade no transporte comarcial que Vilagarcía leva agardando desde que no ano 2022 o Concello de Vilagarcía de Arousa conseguise uns terreos necesarios, chegando a un acordo con ADIF.

1. Instar á Xunta de Galicia para mellorar as frecuencias de transporte urbanos, comarcial e zonas de influencia.

2. Dotar de frecuencias de tarde de transporte que conecte Vilagarcía e a comarca co Hospital do Salnés

3. Demandar á Xunta de Galicia que inicie a construción da Estación Intermodal da cidade.
4. Dar traslado do acordo á Xunta de Galicia

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PSG-PSOE informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PP, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE instando á Xunta de Galicia para que mellore as frecuencias de transporte comarcal e inicie a construción da estación intermodal.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con dez votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (7), BNG (2) e EU (1), e oito abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE e:

1. Instar á Xunta de Galicia para mellorar as frecuencias de transporte urbanos, comarcal e zonas de influencia.
2. Dotar de frecuencias de tarde de transporte que conecte Vilagarcía e a comarca co Hospital do Salnés
3. Demandar á Xunta de Galicia que inicie a construción da Estación Intermodal da cidade.
4. Dar traslado do acordo á Xunta de Galicia.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **11.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.**

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **12.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, non propoñéndose ningunha moción polos Grupos Políticos Municipais.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=12>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **13.- RESPOSTA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS**

#### **FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.**

**Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndente ás preguntas formuladas no Pleno anterior.**

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=13>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **14.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=14>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

#### **15.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN.** Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240201&punto=15>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: [sede.vilagarcia.gal](http://sede.vilagarcia.gal)

E sen máis asuntos que tratar, ás 20:30, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.